



.....

Xornada

**Mobilizadoras,
reformadoras,
revolucionarias de
aquí e de alá. Unha
perspectiva atlántica**

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 31 de marzo de 2022



Son escasas as referencias á participación de mulleres nas loitas contra as ditaduras, non por inexistentes, senón pola maior invisibilidade que se dá en todas as ordes sociais.

O feminismo procura a restitución da memoria das mulleres e a reconstrución da liñaxe das precursoras. Nos casos de movementos de liberación, enfrontamentos armados, loitas sindicais, conflitos sociais ou vindicacións feministas, hai xa investigacións que permiten tomar perspectiva e sobre as que consideramos preciso botar luz para a súa divulgación e maior coñecemento.

Catro décadas despois da autonomía para Galicia, queremos poñer a ollada nos anos anteriores á Constitución do 78, que estableceu un réxime democrático no Estado español. Desde a posguerra ata a transición, non deixou de haber accións de resistencia contra unha ditadura que tivo especial empeño en invisibilizar a oposición, non sempre articulada en organizacións, plataformas ou calquera outro mecanismo colectivo, mais non por iso menos importante.

O caso galego non é algo illado neste contexto. Desde a nosa posición atlántica, imos poñer en común experiencias semellantes na nosa contorna xeográfica ou cultural. Galicia, Portugal ou América Latina pasaron por procesos antidemocráticos que perduraron ata ben entrada a década dos 70 do pasado século.

Para analizalos contaremos coa colaboración de investigacións e testemuños deste e do outro lado do océano que construirán un relato colectivo. Falaremos de momentos históricos, políticos e sociais semellantes que tiveron respostas coincidentes ou peculiares para cada situación.

O fío condutor está, sen dúbida, na participación de mulleres que foron mobilizadoras, reformadoras ou revolucionarias, de aquí e de alá, contempladas cunha perspectiva atlántica.

Imaxe da portada: Fragmento de colante da COOFFEE (finais dos anos setenta do século XX). Fondo especial MFOG. CDIF-CCG.

Programa

16:00 horas

Inauguración

Rosario Álvarez, presidenta do CCG

María Xosé Porteiro, directora do CDIF

Luz Darriba, membro do CDIF

16:15 horas

Involucradas nos procesos de transformación democrática II
Presenta e modera: **Luz Darriba**

16:15 horas

Galicia: **Raquel Fernández Reguera**, historiadora

O movemento feminista organizado galego no tardofranquismo e na transición (fondos documentais do CDIF-CCG)

16:45 horas

Arxentina: **Micaela Fernández**

Darriba, experta en comunicación e organizacións feministas latinoamericanas [videoconferencia]

Cruzamentos e relecturas: as mulleres galegas e a súa participación na historia e a política da Arxentina moderna

17:15 horas

Uruguai: **Manane Rodríguez**, directora, guionista e produtora

Aquí e alá

17:45 horas

Pausa

18:00 horas

Involucradas nos procesos de transformación democrática I
Presenta e modera: **María Xosé Porteiro**

18:00 horas

América Latina: **Antonia Ángela Yáñez Barros**, docente de Literatura e ex-presa política da ditadura en Uruguai

A nena de Lamas, que será de ti lonxe da casa? [videoconferencia]

18:30 horas

Galicia: **Ana Cabana**, profesora do Departamento de Historia da USC
Mulleres e conflictividade rural na Galicia da transición cara á democracia

19:00 horas

Portugal: **Ana Sofía Ferreira**, profesora na Universidade do Porto
Mulleres en loita: a participación das mulleres nos movementos sociais do proceso revolucionario portugués (1974-1976)

19:30 horas

Coloquio

20:00 horas

Conclusións

Organiza

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordinan

Luz Darriba
María Xosé Porteiro García

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

